

Ola!

Son Belén, nai de Ariadna Nieto de 2º E.P. Quería pedirvos un par de minutos para presentarvos a miña candidatura como representante das familias no Consello Escolar.



Como saberedes, no Consello están representados todos os sectores da comunidade educativa, nel tómanse importantes decisións de cara ao funcionamento do noso colexio. Por isto, e despois de telo pensado e valorado detidamente, atópome con ganas e ilusións para contribuír coa miña dedicación en servir de canle de comunicación entre as familias e o Consello, ademáis de cooperar co meu traballo en todo aquilo no que poida aportar algo para que o noso cole sexa aínda mellor. Gustaríame que a comunicación existente entre ambos fora máis fluída e participativa, polo que, de ser elexida, será unha das primeiras cousas nas que centre os meus esforzos, poñendo a disposición das familias algún medio a través do cal poidan dirixir calquera proposta ou inquedanza que desexen tratar no consello e a través do mesmo informar das decisións adoptadas ao respecto.

Penso que é moi importante que as familias participemos activamente, sempre dun xeito aberto e colaborativo, en todo o que poida significar unha mellora na educación dos nosos fillos e na contorna na que se desenvolve. É por isto que vos pido que participedes no proceso votando a quen consideredes máis adecuado para representarnos.

Saúdos,

Belén Vidal Cuiñas.